

Éxodo 1:12, cando os exipcios tentaban oprimir os hebreus, “canto máis os aflixían, tanto máis se multiplicaban e tanto máis crecían”

[65←63] *Time*, recortado polo Xoaquín, e traducido: “Os líderes conservadores de Igrexa Romana española utilizaron cos protestantes a mesma intransixencia, aínda que sen chegar ao mesmo extremo de violencia física, que a Roma antiga utilizou cos primeiros cristiáns”

[65] Do ministerio de Xustiza procedía a idea de que Franco quería avanzar. O director xeral de asuntos relixiosos comezaba a ter moitas conversas con xudeus e protestantes. Franco, neste aspecto, non confiaba no propio ministro. Consideraba que era moi de dereitas!!

[65] 7 de decembro, declaración *Dignitatis Humanae* sobre liberdade relixiosa, recibida de maneira esperanzada. Nese intre estaba prohibido facer proselitismo, celebrar cultos en lugares non autorizados, facer manifestacións externas de culto. Abriáanse perspectivas para alén de mero estatuto de tolerancia relixiosa. A declaración é sospeitosa: “A única relixión verdadeira é a ensinada pola Igrexa Católica Romana”

[65→] “Cruzados e conciliares”. Os conciliares urxían a relación cos “irmáns separados” e a súa liberdade total, ao tempo de urxiren reformas profundas na teoloxía, na política e na estrutura mesma da igrexa. Tras do concilio, do “estatuto” a unha lei. Pero iníciase con idea de estatuto

[66←64] Castiella, amigo de Ángel Herrera [Horia], preocupado por atropelo do escritorio da Sociedade Bíblica Británica e Estranxeira de Madrid: biblias confiscadas e destruídas. Conflito internacional, con intervención de embaixadas.

Relacións do Cardona cos correspondentes estranxeiros en España. Publicacións que rebotan nas embaixadas de España. Nervios dos embaixadores. Chamada con motoristas, medo de detención, operativo de desaparición. Entrevista co Castiella, de dez da mañá a catro e media da tarde: “Se é capaz de probar o que afirma, eu serei o seu mellor aliado. Se non, irá dar na cadea”

Dossier de datos recollidos igrexa a igrexa, persoa a persoa. Presentación ao Castiella. Dossier a consello de ministros. Ministros contrarios. Discusión. Franco observa calado e sentenza: “Arreglen esto. No quero oír hablar máis de este problema”. Ponse en pé e marcha do salón sen dicir máis palabra.

Franco chama a Castiella ao Pardo: “Sen causar demasiados problemas, convenza os seus compañeiros de cargo de que a situación dos protestantes debe resolverse”.

Co respaldo do Caudillo, móvense Castiella –preocupado polos informes internacionais– e mais Fraga –preocupado pola liberdade dos turistas luteranos– en contra de opositores: Carrero Blanco e Alonso Vega (a quen Castiella chama “la mula”).

Castiella consegue que o Alonso Vega abra a man para os cultos consentidos en troques de que non haxa ningún signo externo, que non se escoiten na rúa os cánticos, que non se faga propaganda.

Informes policiais sistemáticos: "Las reuniones son un foco de comunismo" (vaga relación co republicanismo dalgún dos reunidos, mesmo soldados do Exército Republicano).

[66] febreiro, Hans Küng: O concilio recoñeceu a necesidade de iniciais unha continuada "reforma" ou renovación da Igrexa na súa vida e doutrina segundo o Evanxeo, rememorando o lema da Reforma protestante: *Ecclesia semper reformanda*.

[66] Modificación do Fuero de los Españoles como consecuencia da Declaración de Liberdade Relixiosa do Vat II: falabarato sobre a "protección da liberdade relixiosa" por parte do Estado. Por tras de todo o Concordato coa Santa Sé: "La Religión Católica, apostólica, Romana, sigue siendo la única de la nación española" "El Estado Español reconoce a la Iglesia el carácter de sociedad perfecta"

[66] Bispos: a minoría protestante é tan exigua que non paga a pena de ser tida en conta.

[66] Os cruzados do goberno andan bravos. Na primeira presentación do estatuto no consello de ministros, seis deles levantáronse e fóronse

[66] xuño: comisión de redacción de estatuto, incluíndo o ministro de Xustiza e o embaixador en Roma, Garrigues

[66] outubro: o estatuto non dá chegado ás cortes: van vencendo de momento os cruzados

[67] febreiro, pelexas no seo do consello de ministros, que transcenden. Time: "A cuestión relixiosa constitúe unha evidencia da loita dentro do goberno español sobre con que rapidez e ata onde van chegar as novas tendencias liberalizadoras" -don Camulo: "Xa chega con medidas aperturistas para obreiros e estudantes, que só serviron para cascada de folgas e manifestacións" -Silva Muñoz, apoiado por militares: "a liberdade relixiosa a sectas minoritarias só servirá para destruír a unidade de España... Se os soldados non católicos se afastan das cerimonias castrenses, a disciplina militar resulta debilitada"

[67] 25 de febreiro, proxecto de lei ás cortes. Comeza a batalla:

"Se fai falta restituír a Inquisición, restitúese"

"Lei é oposta ao espírito da Cruzada, que dividirá o pobo español"

"A lei é contraria aos principios proclamados polas armas o 18 de xullo"

"A liberdade de cultos é un retroceso cara ao paganismo"

"Se en España lles abrimos as portas aos protestantes, virán cargados de dólares e os pobres deixaranse subornar"

“Cómpre evitar que, ao abeiro da liberdade relixiosa, se creen partidos políticos”

“O protestantismo é sempre funesto e chégase á conclusión de que os protestantes, ou son masóns ou son *rojos*”

[67] marzo, coñecido anteproxecto de lei, carta a Oriol y Urquijo: presentación de rexistros formais propios das asociacións violenta consciencias relixiosas e constitúe discriminación entre católicos e non católicos españois

[67] 28 de xuño, aprobación: lei coxa pero lei, logo de trinta e un anos sen regras polas que se mover. Os cruzados ficaban co sangue no ollo, soñando coa volta de Torquemada.

-postura do Cardona: envío de informe a todas as igrexas. Recomendación de acollerse a ela. “Se nos inscribimos, teremos base para defendérmolos. Conseguiremos mellorar a lei desde dentro, non desde fóra”.

-postura contraria, da maioría de guieiros de denominacións evanxélicas:

-“farsa de sainete”, lei restrictiva e discriminatoria que pon as igrexas baixo control do Estado.

-lei-trapela de tolerancia relixiosa vixiada, promulgada baixo o nome enganoso de lei de “liberdade relixiosa”. Propiciou unha fenda entre protestantes, uns partidarios de se acolleren a unha lei franquista –e con iso lexitimaren a dictadura- e os partidarios de non se inscribiren como asociación “non católica”.

Crían nas correntes liberalizadoras dos conciliares, esquecían a realidade de Alonso Vega, Carrero e monseñor Guerra Campos: a realidade verdadeira. A cegueira de tantos anos nas catacumbas e, de súpeto, o sol á saída delas. Aínda que fose tímido, entre brétemas, cegaba os afeitos á escuridade.

-contra Cardona, “vendido ao réxime”, “traidor”, “oportunista”: se a lei se rexeita non rexistrando as igrexas no Ministerio de Xustiza, o goberno ten que abrogala e propor unha nove lei verdadeira. Momentos de delirio: “as igrexas son entes morais, sen obrigas de inscribirse e mostrar contas a ninguén, sen ter que responder máis que a Deus e á Historia”.

-apoio ao Cardona: “A Igrexa non é deste mundo, pero vive e convive nel; é do Reino dos Ceos mais habita os reinos deste mundo. Unha igrexa é un conxunto de irmáns unidos por un fin de confesión, é unha asociación confesional como indica a lei”.

-“se pomos os nosos nomes nunha lista branca, evitamos que os policías os poñan en listas negras; se damos a coñecer as nosas contas, os cregos han ver o moito que facemos cos poucos bens que temos”

[67] 2 de agosto, xuntanza de Comisión de Liberdade Relixiosa con Ministerios de Xustiza:

-prazo ata 1 de xan do 68 para “considerar” negativa a inscrición
-supresión de intervención de autoridade diocesana no procedemento de matrimonio civil

[67] setembro, convención baptista que recomenda a non inscrición: medo ao control do Estado nacional-católico, compartido cos xudeus

[67] 23 out, BOE: en centros de educación dependentes do MEC, alumnos non católicos, liberados de ensinanzas e probas de Rel Cat

[68] ESTA "RESTITUCIÓN" DEL PATRIMONIO DE "CONTINENTAL LANDS COMPANY LIMITED", recibido por Manuel Molares Porto, como Apoderado, Anciano y Secretario de la Iglesia de Ares, está condicionada a *los Estatutos, y muy concretamente a los Capítulos I y IV*, presentados al Ministerio de Justicia y aprobados el 29 de Julio 1968, inscritos en la Subsecretaría al nº 31.-Refª 130, del "Registro de Asociaciones no católicas" fecha: Madrid, 14 de Agosto de 1968, siendo recientemente modificado solamente el número, por la Dirección General de Asuntos Religiosos, asignándonos el nº. 2741- SE/A., con la obligación de ser acatados por los Ancianos e Iglesia y el derecho a exigir su cumplimiento por cualquier Miembro de la Iglesia.

[68] revista papista americana:
-unha lei de liberdade relixiosa que obrigas as igrexas a se rexistraren e a presentaren listas de todos os seus membros nada ten que ver coa liberdade relixiosa

[68] extensión do prazo do rexistro de 31 de decembro do 67 a 31 de maio do 68

[68] maio, a Comisión de Defensa estase a desmembrar

[68] fins de xuño, conferencia da igrexa evanxélica recomenda absterse de solicitar o recoñecemento legal que establece e Lei

[68] dec (nov), requirimento de retirada de rótulo de igrexa baptista en cidade andaluza: "Todos os signos externos de igrexas non inscritas deben ser retirados a petición dos gobernadores civís"

[68-69] Mantéñense focos de resistencia mentres moitas igrexas se van entregando.

[69] maio: máis de 200 guieiros evanxélicos reúnen en retiro [CPRB lugar] organizado pola Asociación Billy Graham. Fernando Vangioni. Asisten José Solís Ruiz e Gabriel Elorriaga, xefe do depto técnico do Mº de Info e Turismo, en representación de Manuel Fraga. Cea.

Discursos:

-Fernando Vangioni: "España está a pasar por unha revolución espiritual... Sempre rogamus a Deus polas autoridades establecidas e pedimos que haxa orde, legalidade, paz e xustiza..."
-Solís: soñara cunha realidade coma a que estaba a presenciar. "Sería cousa absurda o mirármonos uns a outros con receo e sospeita, cando o que nos une é infinitamente maior cás pequeneces que nos separan"

[69] o 90% das igrexas, inscritas